

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 18 de abril de 2005, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas provisionais das axudas aprobadas e denegadas das prestacións de estudos por fillos e maiores a cargo do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2004 para o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido no punto dous das normas xerais de procedemento do acordo subscrito en Santiago de Compostela o 21 de xullo de 2004 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CC.OO., UGT e CSI-CSIF, representadas na mesa xeral de negociación de funcionarios e no Comité Intercentros do persoal laboral, así como na Comisión de Concesión das Axudas de Acción Social, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de xullo de 2004, e publicado por Resolución do 10 de agosto de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 170, do 1 de setembro), da Dirección Xeral de Relacións Laborais, deben publicarse as listas provisionais de admitidos e excluídos das axudas do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2004, correspondentes a estudos por fillos e maiores a cargo.

De conformidade con isto, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas as listas provisionais das solicitudes aprobadas e denegadas das prestacións correspondentes ás axudas de estudos por fillos e maiores a cargo do Fondo de Acción Social do ano 2004, que están expostas no taboleiro de anuncios de todas as consellerías, nas delegacións provinciais e relativas ao seu persoal, así como na páxina web: www.xunta.es.

Segundo.-Contra as devanditas listas os interesados poderán presentar reclamacións e, de ser o caso, documentos de reparación de faltas e erros no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no punto 2 da norma xeral de procedemento do acordo sobre criterios de reparto do Fondo de Acción Social para o exercicio de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 170, do 1 de setembro) no rexistro xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, e nas delegacións provinciais das distintas consellerías e nas oficinas de correos, segundo o establecido no artigo 38 da mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro, e dirixíranse á directora xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institu-

cionais e Administración Pública (edificio administrativo San Caetano), Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2005.

Milagros Vázquez Tenorio
Directora xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de abril de 2005 pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2004-2005, destinadas a funcionarios docentes non universitarios e pola que se aproban as súas bases de concesión.

O artigo 56 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, determina que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, e na súa disposición adicional terceira, sinala que as administracións educativas proverán os recursos necesarios para garantir, no proceso de aplicación da lei, a inclusión de actividades, como poden ser as estadías en empresas, para asegurarlles a todos os profesores ao longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.

Así mesmo, o feito de que a formación profesional estea estruturada en ciclos formativos, nos que se establece con carácter obrigatorio e avaliable un período de formación en centros de traballo, fai necesario que os profesores teñan previamente un coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nas empresas, as novas tecnoloxías que incorporan e as realizacións profesionais dos traballadores nos diferentes postos de traballo, para, deste xeito, perfilar o programa formativo que os alumnos deberán realizar no módulo de formación en centros de traballo. Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propónse satisfacer as devanditas necesidades formativas, co obxectivo, en todo caso, de conseguir a mellora do sistema educativo a través da formación dos seus profesionais.

Durante estes últimos anos véñse ofertando esta modalidade de formación do profesorado, destinada a funcionarios docentes non universitarios e convocada mediante orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria baixo a denominación de estadías formativas en empresas ou institucións. Precisamente a experiencia levada a cabo con esta acción evidencia un axeitado procedemento de actualización de coñecementos e, ao mesmo tempo, unha forma de achegar o profesorado que imparte clases en formación profesional específica ao mundo produtivo e aos avances tecnolóxicos dos que dispoñen as empresas galegas.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Convocatoria e requisitos dos candidatos.

Convócanse 94 prazas de estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2004-2005,

dirixidas a funcionarios docentes de formación profesional específica destinados en centros dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución que se establecen e relacionan nesta orde.

Os funcionarios deberán pertencer a algunha das especialidades do profesorado para impartir módulos de formación profesional específica, segundo o Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, e o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou estar adscritos a prazas dalgunha das especialidades indicadas, así como estar impartindo clases en formación profesional específica.

En todo caso, a estadía solicitada estará relacionada coa súa actividade docente.

Os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Estar en situación de servizo activo e prestar servizos durante os cursos 2003-2004 e 2004-2005 en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Ser funcionario de carreira ou funcionario en prácticas nalgún dos corpos e escalas aos que alude este artigo. En casos excepcionais e cando queden vacantes, logo de asignarlles as prazas aos funcionarios, os interinos que estean impartindo clases durante o curso 2004-2005 en módulos asociados a unha unidade de competencia dos ciclos formativos de formación profesional específica poderán solicitar unha estadía, se as carencias de formación e as características dos módulos que cada profesor teña previsto impartir durante o curso 2005-2006 o xustifican.

3. Non ser beneficiario de licenza por estudos, nin tela concedida, no curso 2004-2005, xa que se consideran incompatibles ambas as dúas modalidades de formación no mesmo período de vixencia.

Segundo.-Modalidades das estadías e distribución das prazas.

Segundo se trate de empresas ofrecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou empresas e prazas distintas das anteriores e propostas polo interesado, establécense tres modalidades.

Tipo A: estadías formativas nas empresas acollidas a este programa, que se relacionan no anexo I.

Tipo B: estadías formativas noutras empresas ou institucións cun mínimo de cinco traballadores. Neste caso, o profesorado deberá concertar coa empresa o contido e a duración da estadía, co máximo dun mes e medio, e presentará un proxecto segundo o esquema recollido no anexo III.

Tipo C: estadías formativas en varias empresas (máximo de tres) ou institucións cun mínimo de cinco traballadores. Neste caso, o profesorado deberá concertar coas empresas o contido e a duración da estadía, co máximo dun mes e medio, e presentará un proxecto por empresa segundo o esquema recollido no anexo III.

O total das 94 prazas convocadas distribúese da seguinte forma: para a modalidade A, 60 prazas,

para a modalidade B, 24 prazas; para a modalidade C, 10 prazas. As prazas non cubertas polos candidatos nalgunha das modalidades poderán ser acumuladas nas outras modalidades.

Terceiro.-Períodos de realización e duración das estadías formativas.

O período de realización das estadías será, con carácter xeral, o comprendido entre o día 1 de xullo de 2005 e o 15 de setembro de 2005.

Para a modalidade A, a duración e o período de realización serán os indicados no anexo I para cada empresa.

Para as estadías das modalidades B e C, a duración estará comprendida entre 15 días e mes e medio, e no período previsto con carácter xeral entre o 1 de xullo e o 15 de setembro de 2005.

Cuarto.-Solicitudes e documentación.

Os candidatos a realizar as estadías formativas en empresas que se convocan deberán presentar a súa solicitude segundo o modelo do anexo II, acompañada da documentación que se indica a continuación:

1. Folla de servizos, segundo modelo do anexo VI, que deberá achegar cuberta polo interesado reflectindo todos os servizos prestados que desexe que lle sexan recoñecidos, pechada o 30 de setembro de 2004. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais solicitaralle á delegación provincial correspondente a certificación oficial dos ditos servizos; o interesado deberá facilitar unicamente a proposta cuberta, xunto co resto da documentación.

2. Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo IV desta orde.

3. Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no indicado anexo IV.

4. Non se terán en conta nin se valorarán os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o punto quinto desta convocatoria.

5. Certificación de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou ente público.

Quinto.-Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes, para todas as modalidades, será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, xunto coa documentación, deberán presentarse a través do rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou das súas delegacións provinciais, ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común; é imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se en uso des-

te dereito, o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario de correos antes de que se proceda á súa certificación.

Procurarase que as oficinas receptoras remitan os expedientes á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais), edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, dentro das corenta e oito horas seguintes á súa recepción.

Sexto.-Informe da Inspección.

Pechado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo Provincial de Inspección Educativa emitirá o correspondente informe por instancia da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, segundo o modelo que aparece como anexo V desta orde. Este informe deberá selle remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, no prazo de cinco días naturais, e será preceptivo á hora de valorar a autorización da solicitude.

Sétimo.-Aspectos do informe e valoración.

1. O mencionado informe do Servizo de Inspección referirase aos seguintes aspectos:

a) Organización da súa actividade docente (programación, metodoloxía, utilización de recursos, criterios de avaliación, actividades extraescolares, etc.).

b) Participación no funcionamento dos centros (traballo cos equipos docentes, departamentos e seminarios; colaboración cos órganos de goberno; tutorías, etc.).

c) Participación en programas educativos de innovación e reforma.

2. O resultado deste informe traducirase nunha valoración global de cero a tres puntos.

Oitavo.-Comisión de selección.

1. A selección dos candidatos realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Formación Profesional, que será o presidente.

-O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.

-O xefe do Servizo de Xestión Integrada de Recursos, Formación en Empresas e Orientación Laboral.

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-Un inspector de Educación.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario, con voz e sen voto.

2. Cada un dos sindicatos da Mesa Sectorial Docente nomeará un representante, que poderá asistir ás sesións da comisión con voz e sen voto.

3. A comisión poderá dispor a constitución de subcomisións técnicas especializadas só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos relacionados nos puntos 1 e 4 do anexo IV.

Noveno.-Resolución da convocatoria.

1. No caso de que se presenten máis solicitudes que prazas, a orde de preferencia será a seguinte:

-Os que non realizaran ningunha estadia.

-Os que realizaran unha, dúas ou tres estadias, e así sucesivamente.

2. A comisión seleccionadora realizará unha selección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo IV desta convocatoria. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 2 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 3 do baremo.

3. A relación dos seleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no edificio administrativo San Caetano, e nos das delegacións provinciais, así como no portal educativo, no enderezo www.edu.xunta.es. Coa publicación abrirase un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as ditas reclamacións, a comisión seleccionadora elevaralle á directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta ou as actas definitivas con expresión das valoracións outorgadas a cada un dos candidatos, así como a relación final dos seleccionados. A resolución definitiva ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior, poderán presentarse renuncias á concesión das estadias en empresas perante a mencionada comisión seleccionadora.

Décimo.-Renuncias e reclamacións.

Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade apreciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O profesorado que non participe na actividade para a que foi seleccionado perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses desde a data da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderán formular recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeiro.-Memorias.

Ao finalizar o período da estadia, os profesores beneficiarios presentarán ante a Dirección Xeral de

Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de 20 días contados desde a finalización da estadía realizada, unha memoria en formato papel ou informático do traballo individual desenvolvido. No caso de estadías realizadas no mes de xullo, no relativo a este prazo non se computará o mes de agosto. Na memoria faranse constar, entre outros e como mínimo, os seguintes aspectos:

1. Descrición do proceso produtivo. Perfís profesionais que participan diferenciados segundo os niveis de cualificación.

2. Realizacións máis significativas de cada perfil profesional.

3. Tecnoloxías utilizadas e a súa presenza no equipamento de cada ciclo formativo (valoración da súa necesidade ou conveniencia de incorporalo).

4. Cambios que se prevén no sistema produtivo (evolución da competencia profesional).

5. Programa de formación en centros de traballo que se podería realizar nesa empresa e nos diferentes ciclos formativos da súa familia profesional.

6. Formación do profesorado que podería desenvolver a empresa ou os seus traballadores na oferta de formación específica dirixida ao profesorado e que se considera interesante dada a profesionalidade detectada no ámbito de cada empresa.

7. Valoración da estadía de formación: aspectos positivos e aspectos que se deben mellorar.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá das memorias dos traballos realizados de acordo coa lexislación vixente sobre propiedade intelectual.

Unha copia da memoria será enviada pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais á empresa na que cada profesor realizara a estadía.

Décimo segundo.-Situación administrativa.

Durante a estadía na empresa, os profesores seleccionados recibirán os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias e non terán vínculo nin relación laboral coa empresa ou institución de acollida, nin poderán ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedarán excluídos da lexislación laboral.

Os profesores estarán acollidos á Mutualidade de Funcionarios do Estado e ás pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil subscritas pola Xunta de Galicia.

Décimo terceiro.-Indemnizacións.

O profesorado seleccionado para participar na estadía formativa terá dereito a unha bolsa de estudos. A contía da bolsa que percibirá por día de asistencia á empresa será a que se indica a continuación, tendo en conta a distancia en quilómetros de ida e volta entre o seu domicilio habitual e a empresa correspondente.

Os tramos aplicables serán os seguintes:

-Menos de 60 quilómetros: 20 euros por día.

-Entre 60 e 120 quilómetros: 30 euros por día.

-Máis de 120 quilómetros: 42,45 euros por día.

Os profesores seleccionados para estadías formativas fóra da comunidade autónoma poderanse acoller ás bolsas de estudos a que fai referencia o parágrafo anterior ou ás indemnizacións a que se refire o artigo 5 do Decreto 202/2002, do 6 de xuño, sobre indemnizacións pola colaboración, con carácter non permanente nin habitual, nas actividades formativas organizadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dirixidas ao profesorado de niveis non universitarios. Os profesores que se acollan a esta modalidade de pagamento terán que manifestalo por escrito no momento de presentar a solicitude.

En todo caso, a contía máxima que poderá percibir non poderá superar a cantidade de 1.500 euros.

As bolsas están suxeitas ao IRPF e serán aboadas nun pagamento, unha vez finalizadas as actividades e entregada a memoria, coa certificación do Servizo de Xestión Integrada de Recursos, Formación en Empresas e Orientación Laboral, de estar realizada a actividade de acordo co establecido nesta orde.

A percepción destas axudas é compatible con outras de carácter xeral con cargo a fondos públicos.

Décimo cuarto.-Orzamento.

As bolsas de asistencia aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.322S.640.1 e por un importe máximo de 141.000 euros. Estas estadías están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Décimo quinto.-Horario da estadía.

Os profesores realizarán durante a súa estadía na empresa o horario produtivo que esta teña establecido.

Décimo sexto.-Comunicación a Inspección de Traballo.

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais remitiralle ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha relación dos profesores e do período que estean realizando as estadías formativas nas empresas, para o seu envío á Inspección de Traballo.

Décimo sétimo.-Incompatibilidade.

A concesión de autorización para estadías en empresas implicará a incompatibilidade con calquera outra actividade pública ou privada.

Décimo oitavo.-Revogación da estadía.

O non cumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da correspondente estadía formativa.

Décimo noveno.-Seguimento.

A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, a través dos servizos de Inspección de Educación, efectuará o adecuado seguimento e control das estadías formativas.

Vixésimo.-Certificación.

Segundo o disposto na Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula

a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, os profesores que realicen unha estadia formativa en empresas ao abeiro desta orde, con avaliación positiva, obterán a seguinte certificación:

1. Estadias formativas de 15 días de duración: certificación de 35 horas de formación.

2. Estadias formativas de 16 a 29 días de duración: certificación de 50 horas de formación.

3. Estadias formativas de 30 a 44 días de duración: certificación de 65 horas de formación.

Vixésimo primeiro.-Retirada da documentación.

Durante o mes de xuño de 2005 os concursantes poderán retirar a súa documentación na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela), directamente ou a través de persoa autorizada. Transcorrido o prazo, entenderase que renuncian á súa recuperación.

Vixésimo segundo.-Difusión nos centros.

As direccións dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias que garantan que esta orde sexa coñecida por todo o profesorado destinatario desta convocatoria, procurando facela pública no taboleiro de anuncios das salas de profesores.

Vixésimo terceiro.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde para prorrogar automaticamente o período de presentación de solicitudes de non cubrirse totalmente nesta convocatoria, dentro do curso 2004-2005.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Distribución das prazas para estadias en empresas da modalidade A que se convocan para o curso 2004-2005

| Nº | Nome da empresa | Centro de traballo | Especialidade da estadia | Prazas | Período da oferta | Duración | Concello da empresa | Provincia da empresa |
|----|---|---|--|--------|-------------------|----------|-------------------------------|----------------------|
| 1 | Alcoa | Planta de aluminio | Hidráulica | 1 | Xullo | 1 mes | Cervo | Lugo |
| 2 | Alcoa | Laboratorio | Análises químicos | 1 | Xullo | 1 mes | Cervo | Lugo |
| 3 | Altia Consultores, S.L. | Altia Consultores, S.L. Vigo | Informática | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 4 | Altia Consultores, S.L. | Altia Consultores, S.L. A Coruña | Informática | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 5 | Labaqua | Labaqua | Análise físico-química e microbiolóxica das augas de consumo | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 6 | Creaciones Enmanuel | Creaciones Enmanuel | Confeción, tecido e moda de señora | 1 | Xullo | 1 mes | Lalín | Pontevedra |
| 7 | Frigodiz, S.A. | Frigodiz, S.A. | Climatización e refrixeración | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 8 | Sarman, S.A. (Puertas Tren) | Puertas Tren | Control de calidade | 1 | Xullo | 1 mes | Cambre | A Coruña |
| 9 | Sarman, S.A. (Puertas Tren) | Puertas Tren | Organización e control da produción | 1 | Xullo | 1 mes | Cambre | A Coruña |
| 10 | Sarman, S.A. (Puertas Tren) | Puertas Tren | Operación con máquinas gobernadas por CNC | 1 | Xullo | 1 mes | Cambre | A Coruña |
| 11 | Seat Marineda Motor, S.A. | Seat Marineda Motor, S.A. | Chapa e pintura do automóbil | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 12 | Seat Marineda Motor, S.A. | Seat Marineda Motor, S.A. | Mecánica | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 13 | Telefónica de España, S.A. | Central Telefónica de Montañío | Equipamentos de telefonía | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 14 | Telefónica de España, S.A. | Gran Vía 64 | Equipamentos de telefonía | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 15 | CRTVG | Radio Televisión de Galicia | Seguridade e saúde laboral | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 16 | CRTVG | Televisión de Galicia, S.A. | Documentación | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 17 | Endesa Generación, S.A. | Endesa Generación, S.A. | Xestión de residuos | 1 | Xullo | 1 mes | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 18 | Endesa Generación, S.A. | Endesa Generación, S.A. | Mantemento mecánico | 1 | Xullo | 1 mes | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 19 | Grafínova, S.A. | Grafínova, S.A. | Artes gráficas: impresión offset e manipulados | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 20 | Viajes Paco, S.A. | Viajes Paco, S.A. | Axencia de viaxes minorista | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 21 | Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.) | Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.) | Soldadura e caldeiraría | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 22 | Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.) | Astillero Barreras (Hijos de J. Barreras, S.A.) | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 23 | Unión Fenosa Generación | Central de Meirama | Mantemento e servizos á produción | 1 | Xullo | 1 mes | Cerceda | A Coruña |
| 24 | Imprenta Universidade de Santiago | Imprenta Universidade de Santiago | Artes gráficas: preimpresión, impresión offset e manipulados | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |

| Nº | Nome da empresa | Centro de traballo | Especialidade da estadia | Prazas | Período da oferta | Duración | Concello da empresa | Provincia |
|----|---|---|---|--------|-------------------|----------|-------------------------------|----------------|
| 25 | <i>Industrias Cándido Hermida, S.L.</i> | Induca | Control numérico da madeira | 1 | Xullo | 1 mes | Valdoviño | A Coruña |
| 26 | Deputación Provincial de Pontevedra | Estación Fitopatolóxica do Areiro | Fitopatoloxía | 1 | Xullo | 1 mes | Pontevedra | Pontevedra |
| 27 | Deputación Provincial de Pontevedra | Estación Fitopatolóxica do Areiro | Cultivo in vitro | 1 | Xullo | 1 mes | Pontevedra | Pontevedra |
| 28 | Bic Galicia | Bic Galicia | Proxectos e servizos de apoio á empresa | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | Santiago de C. |
| 29 | Bic Galicia | Bic Galicia | Proxectos e servizos de apoio á empresa | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | Santiago de C. |
| 30 | <i>Asociación Euroeume</i> | Centro de Desenvolvemento Rural | Turismo, patrimonio natural, artesanía, agricultura produtos locais e comunicación (xornal) | 1 | Xullo | 1 mes | As Pontes de García Rodríguez | A Coruña |
| 31 | <i>Repsol Petróleo, S.A.</i> | Complexo Industrial da Coruña | Verificación mecánica | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 32 | <i>Repsol Petróleo, S.A.</i> | Complexo Industrial da Coruña | Electrónica de control | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 33 | Universidade de Vigo | ETS Enxeñeiros de Telecomunicación | Manexo de aparellos de medida e novas tecnoloxías das comunicacións | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 34 | <i>Vilar Castro Hnos., C.B.</i> | <i>Vilar Castro Hnos., C.B.</i> | Mecanizados | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 35 | Panadería Barcia | Panadería Barcia | Panadería | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 36 | Panadería Barcia | Panadería Barcia | Panadería | 1 | Xullo | 1 mes | Carral | A Coruña |
| 37 | Moyvesa | Moyvesa | Reparación integral de vehículos | 1 | Xullo | 1 mes | San Cibrao das Viñas | Ourense |
| 38 | Xerencia de Atención Primaria da Coruña-Ferrol | Centro de Saúde Abente y Lago (A Coruña) | Saúde bucodental | 1 | Xullo | 1 mes | A Coruña | A Coruña |
| 39 | Complexo Hospitalario Xeral-Cies | H. Xeral | Laboratorio | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 40 | Complexo Hospitalario Xeral-Cies | H. Xeral | Diagnóstico por imaxe | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 41 | Complexo Hospitalario Xeral-Cies | H. Xeral | Documentación clínica | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 42 | Complexo Hospitalario Xeral-Cies | H. Meixoeiro | Anatomía patolóxica | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |
| 43 | IZAR (estaleiro Ferrol) | IZAR (estaleiro Ferrol) | Electrónica/electricidade | 1 | Xullo | 15 días | Ferrol | A Coruña |
| 44 | IZAR (estaleiro Ferrol) | IZAR (estaleiro Ferrol) | Prevenção de riscos | 1 | Xullo | 15 días | Ferrol | A Coruña |
| 45 | IZAR (estaleiro Ferrol) | IZAR (estaleiro Ferrol) | Medio ambiente | 1 | Xullo | 15 días | Ferrol | A Coruña |
| 46 | Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado | Residencia 3ª Idade do Carballiño | Atención socio-sanitaria | 1 | Xullo | 1 mes | O Carballiño | Ourense |
| 47 | Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado | Residencia 3ª Idade de Cabeza de Vaca (Barbadás) | Atención socio-sanitaria | 1 | Xullo | 1 mes | Barbadás | Ourense |
| 48 | Finsa | Finsa | Electricidade | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 49 | Complexo Hospitalario de Pontevedra | Hospital Provincial | Hospitalización | 1 | Xullo | 1 mes | Pontevedra | Pontevedra |
| 50 | Complexo Hospitalario de Pontevedra | Hospital Provincial | Laboratorio | 1 | Xullo | 1 mes | Pontevedra | Pontevedra |
| 51 | Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo | Hospitais do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (Lugo) | Laboratorio de análises clínicas/bioquímica/microbioloxía/hematoloxía | 1 | Xullo | 1 mes | Lugo | Lugo |
| 52 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Anatomía patolóxica | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 53 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Medicina nuclear | 2 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 54 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Radiodiagnóstico | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 55 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Radioterapia | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 56 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Documentación sanitaria | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 57 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Dietética | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 58 | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela | Farmacia | 1 | Xullo | 1 mes | Santiago de C. | A Coruña |
| 59 | <i>Asociación Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos (Pontevedra-Vigo)</i> | Autoviasa | Carrozaría, pintura, mecánica e electricidade do automóbil | 1 | Xullo | 1 mes | Vigo | Pontevedra |

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**FONDO SOCIAL
EUROPEO**

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO ESTADÍAS FORMATIVAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS DESTINADAS A FUNCIONARIOS DOCENTES NON UNIVERSITARIOS. CURSO 2004-2005 | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED305E | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

| | |
|----------|------|
| APELIDOS | NOME |
|----------|------|

SOLICITA:
Que lle sexa concedida unha estadía de formación en empresas no período _____

| | |
|--|-----------------------------|
| <u>CORPO DE PROCEDENCIA</u> | <u>ESPECIALIDADE</u> |
| I. PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO | _____ |
| II. PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL | _____ |

MODALIDADE A

| Nº | EMPRESA | FAMILIA / ESPECIALIDADE / SECCIÓN / DEPARTAMENTO NO QUE SOLICITA A ESTADÍA | PERÍODO PREFERENTE |
|----|---------|--|--------------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

MODALIDADE B **MODALIDADE C**

EMPRESA/S: _____

DATOS PROFESIONAIS

CICLO FORMATIVO E MÓDULOS NOS QUE IMPARTE DOCENCIA
⁽¹⁾ Os funcionarios do corpo de mestres non presentarán solicitudes por esta modalidade

| | | |
|--------------------|------------|-----------|
| NRP | CENTRO | |
| ENDEREZO DO CENTRO | | |
| CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE | PROVINCIA |

DATOS PERSOAIS

| | | |
|---------------|------------|-----------|
| DNI | TELEFONO | DOMICILIO |
| CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE | PROVINCIA |

LEVISLACIÓN APLICABLE

Orde do 7 de abril de 2005 pola que se convocan estadías formativas en empresas ou institucións para o curso 2004-2005, destinadas a funcionarios docentes non universitarios, e pola que se aproban as súas bases de concesión.

SINATURA DO SOLICITANTE

_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---------------------|----------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| | |
| | DATA DE ENTRADA |
| | |
| | DATA DE EFECTOS |
| | |
| | DATA DE SAÍDA |
| | |
| REVISADO E CONFORME | |

ANEXO III

Esquema do proxecto para a modalidade B ou C

1.- Empresa ou institución de acollida:

| | | | |
|-----------------------|--|------------------|--|
| CIF | | | |
| Nome ou razón social: | | | |
| Titular da empresa: | | | |
| Nº de traballadores: | | Titor da estadia | |
| Enderezo: | | | |
| Localidade: | | Provincia: | |
| Teléfono: | | Fax: | |

2.- Denominación da especialidade da estadia formativa.

3.- Actividade da empresa e familias profesionais coas que se relaciona.

4.- Módulos profesionais da formación profesional específica asociados á especialidade da estadia e ás actividades do programa formativo, que poden ser impartidas polo profesor solicitante.

5.- Obxectivos que se pretenden acadar mediante a estadia formativa, con especial referencia á repercusión na súa práctica docente nos ciclos formativos.

6.- Descrición das actividades que se realizarán durante o período da estadia formativa na empresa ou institución de acollida (máximo de cinco follas).

ANEXO IV

| Méritos | Total puntos máximo | Documentos |
|---|--|---|
| 1. Proxecto de estadia formativa para a modalidade B ou C. 1.1. Polo interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino na impartición dos ciclos formativos de formación profesional específica. | 0 a 5 | O solicitado no anexo III. |
| 2. Méritos docentes: 2.1. Servizos docentes. 2.1.1. Por cada ano de servizos como funcionario de carreira: 1 punto por ano completo. 2.1.2. Por cada ano de servizo coa condición de catedrático adquirida: 0,20 puntos por ano completo. 2.1.3. Por cada ano de servizo como profesor en prácticas, interino ou contratado: 0,50 puntos por ano completo (agás o primeiro ano, que pode ser máis de nove meses). 2.2. Informe do Servizo de Inspección de Educación. Ata..... 3 | Por estas tres epígrafes ata 10 puntos | Folla de servizos certificada e pechada pola delegación provincial correspondente e fotocopia compulsada do título administrativo de funcionario de carreira. |
| 3. Actividades de formación permanente: 3.1. Dirección e/ou docencia en actividades de perfeccionamento relacionadas coa súa especialidade: 0,50 puntos por actividade como máximo..... 4 3.2. Asistencia a cursos, grupos estables, seminarios e outras actividades da especialidade: 0,25 puntos por actividade como máximo 2 3.3. Cursos de lingua galega: 3.3.1. Especialización..... 1,5 3.3.2. Perfeccionamento 1 3.3.3. Iniciación 0,5 (Nota: non acumulables entre si) | | Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas. |
| 4. Publicacións ou investigacións sobre a materia ou especialidade das ensinanzas: Libro: -Non especializado ata 0,50 p -Especializado ata 1 p Revista: -Non especializada..... ata 0,50 p -Especializada..... ata 0,50 p Video, cassette, CD, disquete: -Non especializado..... ata 0,25 p -Especializado..... ata 0,50 p | 3 3 3 | Exemplares correspondentes avalados por organismos públicos, nos que conste o ISBN. |
| 5. Méritos académicos: 5.1.1. Título de doutor: 1,5 puntos..... 5.2.2. Para funcionarios do corpo de profesores técnicos de formación profesional: título de licenciado: 1 punto 5.3.3. Outros títulos ou diplomas relacionados coa especialidade obxecto da materia: 0,25 puntos..... | Ata 3 puntos | Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos. |

ANEXO V
MODELO DE INFORME
SERVIZO DE INSPECCIÓN
DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA

| | | | | |
|---|-----|-------------------|----------|--------|
| Don/Dona | | | | |
| Corpo | | | | |
| Especialidade profesorado (adscripción) | | | | |
| NRP | DNI | CENTRO DE DESTINO | | |
| | | | | |
| LOCALIDADE | | PROVINCIA | TELEFONO | FAX |
| | | | | |
| CONCEPTO | | | | PUNTOS |
| a) Organización da súa actividade docente: | | | | |
| b) Participación no funcionamento do centro: | | | | |
| c) Participación en programas educativos de innovación e reforma: | | | | |
| Total da valoración outorgada de 0 a 3 puntos. | | | | |

.....,de.....de.....
 O inspector

ANEXO VI
Certificación de servizos

Don/Dona.....DNI.....NRP.....
 Corpo o escala.....Situación administrativa.....
 Destino actual.....Localidade.....Provincia.....

| Destinos que desempeña ou desempeñou | | Forma de provisión ¹ | Datos | | | | | | Servizos | | | | | |
|--------------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|-------------|-----|-----|--------------|-----|-----|---------------|-------|------|-----------|-------|------|
| | | | Da posesión | | | Do cesamento | | | En propiedade | | | Interinos | | |
| Localidade/Provincia | Centro ou posto de traballo | | Día | Mes | Ano | Día | Mes | Ano | Anos | Meses | Días | Anos | Meses | Días |
| | | | | | | | | | | | | | | |

Total de servizos contados ata o: 30 de setembro de 2004, para todos os corpos ou escalas.

Acredita.....anos.....meses.....días de servizos en totalde.....de.....
 D./a.....xefe de².....

CERTIFICA que os datos da presente folla de servizos concordan cos que constan no expediente persoal do interesado arquivado nesta delegación provincial e cos documentos que exhibiu.

Visto e prace
 O delegado provincial

O xefe de servizo ou sección

¹ En propiedade ou definitivo, en prácticas, interino ou en comisión de servizos.

² Xefe do servizo ou da sección da delegación que certifica.

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 6 de abril de 2005 pola que se crean determinados ficheiros automatizados de datos de carácter persoal existentes no Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), como organismo autónomo desta consellería.

O artigo 20.1º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio da disposición xeral correspondente, publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial que corresponda, establecendo no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo,

DISPÓN:

Primeiro.-Mediante a presente orde créanse os ficheiros especificados no anexo, que se relacionan e achegan nel, e que conteñen a información exixida no artigo 20.2º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, relativo ás disposicións de creación dos ficheiros automatizados de carácter persoal.

Segundo.-Serán responsables dos ficheiros as persoas ou órganos que, en cada caso, figuran no anexo, e que adoptarán as medidas de xestión e organización necesarias, asegurando a confidencialidade, os dereitos e as obrigas recoñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro; e ante os que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, sen prexuízo da responsabilidade directa que na xestión e custodia dos datos corresponda ao empregado público que estea a cargo do ficheiro correspondente.

Terceiro.-Os datos de carácter persoal, rexistrados nos ficheiros do organismo autónomo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, denominado Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), aos que se refire o anexo só serán utilizados para os fins expresamente previstos e polo persoal debidamente autorizado para o efecto.

Cuarto.-Os datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei.

Disposición adicional

No caso de cesións dos datos aos servizos de estatística das administracións públicas, haberá que aterse, ademais, ao disposto na normativa vixente sobre materia estatística.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación
Social y Turismo

ANEXO

Ficheiros de nova creación da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

I. Nóminas. IGAEM: sistema de control e xestión do ficheiro do persoal do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.

a) Finalidade do ficheiro e uso previsto: control e apoio á xestión interna da información de carácter persoal, para proceder aos aboamentos e automatización da relación de nóminas do persoal dependente e/ou adscrito ao IGAEM, que desempeñe as súas funcións neste organismo autónomo ou en calquera das distintas unidades de produción que dependen del, para os efectos salariais e demais dereitos que se devenguen a favor daqueles (control de permisos, licenzas, vacacións, tipo e natureza do posto desempeñado, antigüidade, etc.).

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal (ou que resulten obrigados a subministralos): todas aquelas persoas que teñan unha relación laboral co IGAEM, así como persoal contratato eventualmente por este instituto.

c) Procedemento de recollida de datos: formulario en soporte papel.

d) Estrutura básica do ficheiro: base de datos.

e) Cesión de datos (ou transferencia de datos prevista a países terceiros): ningunha.

f) Órgano/s responsable/s do ficheiro:

-IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), organismo autónomo adscrito á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

g) Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos que constan no ficheiro poderán exercerse, se é o caso, ante o organismo responsable do ficheiro (IGAEM) nas súas dependencias sitas na rúa da Vesada, s/n (San Lázaro) CP: 15703 de Santiago de Compostela.

h) Medidas de seguridade: nivel alto.

i) Datos de carácter persoal recollidos no ficheiro:

-Datos de carácter identificativo: DNI/NIF, núm. S.S./mutualidade, nome, apelidos, enderezo, teléfono, sinatura ou impresión dixitalizada.

-Datos de características persoais: estado civil, datos de familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade, características físicas ou antropométricas.